



Novo curso!

L INICIACIÓN AO CLOWN

Antón Valén (Murcia)

Datas:

do 26 ao 27 de xullo de 2010

Duración: 16 horas

Horario: 26 de xullo de 09.30 a 14.00 e de 15.30 a 20.00 h. e 27 de xullo de 09.30 a 14.00 h. e de 15.30 a 18.00 h.

Alumnado: máximo 20

Ointes: non admite

Prezo: 130 euros

Idioma: Español

“!!!QUE NINGUÉN SE QUEDE FORA DOS CURSOS FORMACLOWN 2010!!!”

Debido á gran demanda e éxito que os cursos do Formaclown están a ter este ano, decidimos presentarvos unha nova edición do curso Iniciación ao Clown de Antón Valén. Xa que que este será o terceiro curso impartido polo profesor nesta edición do Festiclown, o nivel do mesmo será variable, chegando sempre a un acordo común e beneficioso para tod@s@s participantes

Antón Valén viaxou por Europa para especializarse en diferentes facetas teatrais con Jacques Lecoq, Antonio Fava, Philippe Gaulier, Carlo Colombaioni e moitos outros grandes mestres.

Director do “Curso Internacional del Comediante” durante sete anos, tempo no que dirixiu varias compañías teatrais en Comedia dell’Arte e Clown. No 2002 foi seleccionado por Slava Polunin para traballar como clown no espectáculo “Alegría” do Cirque du Soléil cos que realiza unha xira mundial ata 2007. Así mesmo, crea e dirixe os novos números clownescos de “Alegría” ademais de traballar na creación dunha escola estable: “Escuela del Comediante”.

Neste curso traballará técnicas adaptadas a un grupo de alumnos de escolas de teatro, xa que foi mestre da escola superior de arte dramático de Murcia.

Comezaremos a aprendizaxe desde a ruptura co ridículo, a torpeza... e aprenderemos a aceptalo. Cada ser humano ten unha faceta ridícula, case agochada pola fachenda e a presunción. Para vencer esta barreira e convertela nun xogo, poñamos o nariz vermello que nos levará a un mundo moi particular e vexamos o difícil que é ser sinxelos, inxenuos, vulnerables, desastrosos... e como o fracaso nos revela a nosa humanidade e o desexo de crear e recrear.

O clown é un xogo teatral que nos leva a atopar a espontaneidade, a liberdade de xogar e de ser nós mesmos.